

De amor e deserto

As máscaras de Cronos · Ramón Caride Ogando · Xerais, 2006 · 299 páx. · 21 euros

Ofrécenos Ramón Caride neste volume a compilación de tres libros xa publicados (*Cerne das labaredas*, *Flor no deserto* e *Xeografías de sal*) e dous de textos inéditos ou que só viron a luz en revistas e libros colectivos (*Diacrónica* e *Addenda*). Con cumprido prólogo de Xosé Lois García e un epílogo composto por un poema de A. Soares de Moura dedicado ao autor, *As máscaras de cronos* constitúe até a data a contribución de Ramón Caride á poesía galega, unha vez que os dous poemarios anteriores, *Paisaxe de verde chuvia* (1986) e *Tudo quanto há no mundo* (1989), son considerados polo autor obras de aprendizaxe.

A lectura destes versos deseguida delata unha preferencia pola temática amorosa, declaradamente erótica en moitos casos (“o seme é a espuma / das ondas que baten / na costa do teu corpo / onde afogan as angurias”). Despois da ambientación telúrica, por veces de sensibilidade case machadiana (“melancolía pouco orixinal / entre as follas tenues / dourados solpores”) d’*O cerne das labaredas*, en *Flor do deserto* preséntanos unha especie de *road movie* cunha emotividade que depara en ocasións no exceso e no amor dun só uso. Un erotismo de *blue jeans* suados no contexto dun deserto sen norte mergúllanos nun soño en que facemos nosos o vodú, o candomblé e os salaios “*can’t stand it*”. Entre referencias ao jazz, á decadencia so-



cial, aos réptiles do deserto e á prostitución (“as fulanas das *american bars* cumpridas de peito”) crea Caride un ambiente que en ocasións tomba para un patente tremendismo (“mentres os cans ouveaban / devorando os nosos corazóns”). En definitiva, unha oferta temática ampla en que tamén o mar, a aldea, o cómic, un naturalismo case metafísico e a lembranza revoltaria de aqueles que xogan duro (“gustábamos das bandas cando *they play it hard*”) caben e non esgotan as liñas de contido.

Estes versos mostran propensión ao verso lixeiro (“amei a poesía espida estética pura”) e sosteñen en ocasións un experimentalismo de interese incerto, como no caso de “Erótica alfabética”, en *Xeografías do sal*, que non obstante foi galardoado co accésit do Premio González Garcés en 1998.

// Alfredo Ferreiro